

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Lapido para a obtención da dispoñibilidade de uso dos terreos necesarios para a execución da obra de ampliación da ETAP de Padrón e para a explotación da totalidade das infraestruturas de abastecemento localizadas no Monte Veciñal en Man Común de Lapido

1. Antecedentes

A mediados dos anos 90, a Administración autonómica, a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financiou e executou no termo municipal de Padrón, en terreos do monte veciñal en man común de Lapido, as infraestruturas de abastecemento en alta consistentes na obra de toma e impulsión para a captación de caudais do río Ulla, a estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Padrón, os depósitos de cabeceira e as conducións xerais de alimentación e acometida eléctrica.

Estas obras constituíron a primeira fase dunha actuación máis ampla de carácter supramunicipal, executada en colaboración con distintas entidades locais, denominada "Rede xeral de abastecemento á marxe dereita da ría de Arousa", cuxa finalidade foi a de dotar inicialmente aos Concellos de Padrón, Dodro, Valga, Catoira, Rianxo, Boiro, A Proba do Caramiñal e Ribeira das infraestruturas necesarias para a prestación do servizo municipal de abastecemento de auga en alta.

No que ao termo municipal de Padrón se refire, as infraestruturas foron executadas en colaboración co Concello de Padrón, competente en materia de abastecemento, baixo o réxime establecido no entón vixente Decreto 18/1987, do 14 de xaneiro, de colaboración técnico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia con entidades locais en materia de obras hidráulico-sanitarias.



En cumprimento das súas disposicións e dos compromisos asumidos polas partes para posibilitar a efectiva execución das obras, o Concello de Padrón puxo a disposición de Augas de Galicia no ano 1994 o uso de dúas parcelas situadas no monte veciñal en man común de Lapido coa dita finalidade de abastecemento.

A Administración autonómica, ademais de ter participado na execución e financiación das infraestruturas no termo municipal de Padrón e no resto de concellos, asumiu dende o ano 2004 e a través da formalización de varios convenios de colaboración coas distintas entidades locais, a xestión e a explotación da rede de abastecemento en alta da marxe dereita da ría de Arousa debido ao carácter supramunicipal das instalacións que conforman o sistema.

No que respecta ao ámbito de Padrón, a colaboración anterior supuxo a asunción pola Administración autonómica da xestión e prestación do servizo municipal de abastecemento de auga en alta no dito municipio, xunto co compromiso de manter e conservar as instalacións de abastecemento localizadas no termo municipal en terreos do monte veciñal en man común de Lapido, coa obriga do Concello de Padrón de sufragar o custo do servizo nas condicións acordadas.

Os termos desta colaboración entre as dúas administracións regúlanse no convenio actualmente vixente formalizado entre as partes o 02.10.2020, sen prexuízo da súa necesaria adaptación ao disposto na Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia, o Concello de Padrón e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Lapido (CMVMC) do Lapido, que permitan, de acordo coa normativa vixente e a que en cada caso resulte de aplicación, a obtención da dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da obra "Mellora do abastecemento do



sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave OH.215.1218, e para garantir a pacífica e adecuada prestación do servizo público de abastecemento a través do conxunto de infraestruturas localizadas en terreos do monte veciñal.

Son obxecto de regulación neste instrumento de colaboración a prestación dos consentimentos precisos e a posta a disposición do uso dos terreos necesarios para acadar as finalidades sinaladas, así como a delimitación das responsabilidades das partes en orde á xestión da biomasa no entorno ocupado polo conxunto das infraestruturas de abastecemento que se localicen no monte veciñal en man común de Lapidó.

3. Necesidade da colaboración e razóns de oportunidade

No marco da xestión que vén realizando a Administración autonómica, constatouse que o funcionamento da ETAP de Padrón atópase a día de hoxe moi limitado debido ao incremento da demanda do sistema, así como a existencia doutas limitacións técnicas que ocasionan, por unha banda, problemas en orde á satisfacción das demandas municipais de auga en determinadas situacións e, por outra, riscos de non acadar os parámetros de calidade das augas para consumo humano esixidos pola normativa de aplicación.

Existe, por tanto, a necesidade de ampliar a capacidade de tratamento da ETAP de Padrón co fin de solucionar estas limitacións, eliminar ou minimizar os riscos existentes e adaptar as instalacións a fin de garantir o abastecemento nun escenario futuro de previsible incremento das demandas de auga potable.

A estes efectos, está a tramitarse entre Augas de Galicia e o Concello de Padrón un convenio de colaboración para posibilitar a execución do proxecto de obra "Mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña)", de clave OH.215.1218 (en adiante, obra de mellora)



redactado por Augas de Galicia e no que se inclúe unha proposta de solución técnica que permitirá resolver as limitacións descritas.

A solución técnica proposta por Augas de Galicia ten sido informada favorablemente pola Consellería do Medio Rural a través do servizo de Montes da xefatura territorial da Coruña con data do 01.03.2021, resultando tamén favorable o informe de compatibilidade urbanística emitido polo Concello de Padrón o 30.08.2021.

As vixentes instalacións de abastecemento e as relativas á obra de mellora que se pretende acometer localízanse en terreos pertencentes ao monte veciñal en man común de Lapido do que é titular a CMVMC do Lapido

Resulta preciso, por tanto, obter por parte das administracións implicadas na xestión do abastecemento a dispoñibilidade efectiva dos usos necesarios para a execución da dita obra de mellora e para acadar unha adecuada e pacífica prestación do servizo público a través da xestión da totalidade das infraestruturas, manifestando a CMVMC ter coñecemento do proxecto de obra de mellora, así como o seu interese en que se clarifique o réxime de responsabilidades en canto á xestión da biomasa no ámbito das vixentes e, no seu caso, futuras infraestruturas de abastecemento.

4. Estimación de custos e financiamento

As obrigas económicas derivadas da prestación por parte da CMVMC dos consentimentos, conformidades, autorizacións e cesións dos dereitos das superficies do monte veciñal en man común da súa titularidade que se articulan a través deste convenio de colaboración e que permitirán a execución da obra de mellora e a adecuada e pacífica prestación do servizo público de abastecemento en alta mediante a xestión da totalidade das infraestruturas situadas en terreos do dito monte veciñal, ascenden a oitenta e nove mil corenta e cinco euros con noventa e cinco céntimos (89.045,95 €) , que se aboarán nun único pagamento á CMVMC do Lapido en



concepto de contraprestación e que será integramente asumido por Augas de Galicia.

Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2023.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

